

LEGO-PRETEXTO

Manual de uso para o alumnado

Fernando Pazos García e Mercedes Sans Boga

O RECURSO ESTÁ PROTEXIDO BAIXO UNHA LICENZA

[Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-Compartirlgual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)



**PROXECTO ELABORADO DURANTE UNHA
LICENZA POR FORMACIÓN NO CURSO 2021/2022**

Proxecto LEGO-Pretexto

Os materiais LEGO-Pretexto están deseñados para seren incorporados á **aula Moodle** do teu centro educativo, polo que che será moi doado afacerte ao seu uso dado que ten un formato moi semellante aos teus materiais de **EDIXGAL** ou á propia **aula virtual** do teu centro.


En LEGO-Pretexto están integrados parte dos contidos das materias de **Lingua e Literatura galega e castelá**, concretamente da **Historia da Literatura**, dos cursos **3º e 4º de ESO**. Mais para que non te confundas, todas as páxinas están rotuladas cun gran banner identificativo. Este:



Desprazáreste polos diferentes **temas** de cada materia e/ou curso é moi doado xa que están organizados na parte superior en cómodas lapelas.




Como podes ver, van **de catro en catro**, primeiro as de **literatura castelá** e logo as de **literatura galega**, **3º e 4º** alternativamente e nesa orde. Segundo o formato da túa pantalla, a resolución etc. Poden organizarse doutra maneira, fíxate:



Vaia lea de frechas!

Xa te fixarías en que hai tres temas máis, un ao **comezo** e dous ao **final**



Na lapela “Presentación” aparece un pequeno **texto introdutorio** do LEGO-Pretexto, mentres que en “Material complementario” dispós duns **arquivos en PDF** dedicados a sintaxe.

LEGO é un coñecido xogo de orixe danés que permite crear figuras e construcións armando pezas de plástico. A palabra *lego* procede da expresión danesa “leg godt” que significa “xoga ben”. Este proxecto xorde da idea de coñecer os textos como **estruturas que se constrúen cunha finalidade comunicativa concreta**, que no caso dos textos seleccionados no recurso é a de contar unha historia.


LEGO-Pretexto é un proxecto no que se implican as materias de **Lingua e literatura galega e Lingua castelá e literatura** co obxectivo de traballar os contidos partindo esencialmente de **textos literarios narrativos**.

Este recurso dixital, destinado ao **alumnado de 3º e 4º de ESO**, pretende achegarse aos textos como estruturas vivas, que amosan **diferentes perspectivas de análise** e, por tanto, permiten acadar a aprendizaxe mediante vías moi diversas.

Cada unidade comeza cunha **narración representativa dun período literario determinado**. Tras a súa lectura, propoñemos os seguintes **apartados** para traballar o texto mediante actividades interactivas e un test de autoavaliación final, co que o alumnado poderá comprobar, seguindo coa metáfora de LEGO, se *xogou ben*:



IMPORTANTE: Para poder facer as actividades propostas nos apartados é **imprescindible** manter sempre unha **pestaña** onde o texto se visualice ou ben **descargalo** en pdf e imprimilo.



Por último, na lapela “Descargas e créditos” poderás descargar todo o curso en formato MBZ, os arquivos eXe dedicados á literatura e os diferentes manuais (usuario, créditos das imaxes...).

ZONA DE DESCARGAS

Nesta última sección poderás descargar o **curso completo en formato MBZ**, os **manuais técnicos**, e os **arquivos eXe individualizados** (historia da literatura e ao comentario literario) en formato ZIP/SCORM.

Curso en formato MBZ:

Curso LEGO-Pretexto para descargar

Manuais:

Manuais e outros documentos

Arquivos eXe individualizados:

• 3º DE ESO:

eXe Lingua e Literatura galega_3ºESO

eXe Lingua e Literatura castelá_3ºESO

• 4º DE ESO:

eXe Lingua e Literatura galega_4º de ESO

eXe Lingua e Literatura castelá_4º de ESO

Proxecto LEGO-Pretexto

Para rematar, aparece información sobre os creadores de LEGO-Pretexto e mais sobre a licenza Creative Commons baixo a que se distribúe.



Unha vez estás dentro dunha **UDI** (Unidade Didáctica Integrada), é moi doado desprazarse por ela xa que foi deseñada para que tivese o menor *scroll* posible (ti xa sabes de que falo...). Ademais, todas presentan **a mesma estrutura**, polo que así como te afagas a andar nunha, saberás moverte perfectamente polas demais.

O primeiro que vas atopar é o **título** da UDI, formado pola **obra narrativa** que se vai analizar seguida do **nome do seu autor ou autora**.

Captura de pantalla da interface dunha UDI (Unidade Didáctica Integrada) nunha aula virtual. A pantalla mostra un menú de navegación superior con 'Aula Virtual' e 'Galego (gl)'. Abaixo, hai unha barra de busca e un listado de autores. O título principal da UDI é 'Proezas de Galicia, Xosé Fernández de Neira', que está resaltado en azul. Debaxo do título, aparece un botón para descargar o texto en PDF e o propio texto 'O que con nós fixeron!'. A parte inferior da pantalla mostra a URL do navegador e o número de seccións (42).

A continuación aparece un pequeno **arquivo en formato PDF** co texto que se propón para estudar. Este formato é moi útil porque permite gardalo comodamente e tamén imprimilo sen que se vexa afectado por problemas de configuración ou de edición.

Proxecto LEGO-Pretexto

Esta é a aparencia do arquivo unha vez o teñas descargado e aberto. Como podes ver, inclúense os **números de liña** para que sexa máis doado traballar con el:

Proxecto LEGO-Pretexto

Proezas de Galicia, Xosé Fernández Neira

O que con nós fixeron!

CONVERSACIÓN

Chinto. Dáme meu querido Mingote, dáme ese abrazo para min tan desexado nestes cinco meses que hai que non nos vimos!

5 ▶ Mingote. Como che poderei negar, amado compadre, ese abrazo, se pensei que en toda a miña vida para min había consolo até que te non vise?

A continuación, no propio curso, aparece unha **sección moi grande**, a máis grande de todas, que recolle principalmente o texto que se vai estudar cun **título** (moitas veces é unha invención dos creadores do curso, outras é o título dun capítulo ou dun relato do libro de onde se extrae).

 [Descarga o texto "O que con nós fixeron!" en versión PDF](#)

O que con nós fixeron!

CONVERSACIÓN

Chinto. Dáme meu querido Mingote, dáme ese abrazo para min tan desexado nestes cinco meses que hai que non nos vimos!

Mingote. Como che poderei negar, amado compadre, ese abrazo, se pensei que en toda a miña vida para min había consolo até que te non vise?

A continuación vén o **grosso do texto** que ten unha extensión de **entre 40 e 60 liñas** (no formato PDF). O texto sempre vén ilustrado cunha **imaxe** que se relaciona dalgunha maneira coa súa temática.

escapiche para o monte, aínda que despois volvíñ.



Lembra que as capturas deste documento poden ser lixeiramente diferentes do que ti estás a ver debido a que cada equipo pode ter unha configuración (resolución, tipo de pantalla, tipo de dispositivo...) diferente.

Se seguimos avanzando até o final do texto, vemos unha sección que anuncia os **contidos que se van traballar** nesa UDI que está integrada co propio texto.

Ch. O mesmo que se un anxo volo dixera, e os cabalos?

Ming. Eses, coma os seus compañeiros, tamén levaron o mesmo camiño.

Proezas de Galicia, explicadas baixo a conversación rústica dos dous compadres Chinto e Mingote (fragmento adaptado), Xosé Fernández de Meira .

CONTIDOS QUE SE TRABALLARÁN A TRAVÉS DO TEXTO

- Vocabulario: o uso do dicionario.
- Castelanismos.
- Clasificación semántica do substantivo.
- Campo semántico.
- Campo léxico.
- Familia léxica.
- Pronomes tónicos e átonos.
- Distinción entre pronomes átonos de CD e de CI.
- O dativo de solidariedade.

Deste xeito poderás estar *precavido* ou *precavida* respecto do que o/a profe vos poderá pedir...

Despois deste extenso apartado, vén a **cerna** da UDI: os **paquetes de actividades**. Todas elas **manteñen a mesma estrutura e deseño**.



Comprensión textual



Comprendemos o texto "O que con nós fixeron"



Análise lingüística



Analizamos a lingua do texto "O que con nós fixeron!"



Análise literaria



Coñecemos a literatura de comezos do século XIX a través de Proezas de Galicia



Proxecto transversal

Apartado destinado a traballar os textos de forma transversal co obxectivo de realizar un proxecto final, un mural interactivo ou en papel, cuxo fío condutor vai ser "O papel da muller na literatura: personaxes e narradoras".



A muller nas contendas bélicas



Autoavaliación




Valoramos o aprendido a través do texto de Proezas de Galicia


Vamos botarlles unha ollada detidamente.

En total son **cinco bloques de contidos** que se identifican cunha icona individualizada:


Comprensión textual




Análise lingüística



Análise literaria



Prox. Transversal



Autoavaliación



- **Comprensión textual:** paquete de actividades deseñadas en **H5P**. Neste apartado contextualízase o texto e propóñense diferentes actividades interactivas de resumo, estrutura, vocabulario ou sobre o seu contido. Ademais, haberá unha práctica de redacción dobre: escribir un novo título do texto e crear un breve texto inspirado na lectura. Organízanse en, como mínimo, os seguintes apartados:
 - “En contexto”
 - “Trala lectura”
 - “Vocabulario”
 - “Resumo”
 - “Test de comprensión lectora”

Esta é a súa aparencia estética:

[Taboleiro](#) / [Os meus cursos](#) / [Lego_pretexto](#) / [Xosé Fernández Neira](#) / [Comprendemos o texto "O que con nós fixeron"](#)

Comprendemos o texto "O que con nós fixeron"

EN CONTEXTO

Proezas de Galicia foi un texto pioneiro no seu momento. Ambientado na invasión francesa de Galicia, a súa estrutura baséase na conversa entre dous personaxes que falan sobre como repeleron os perigosos ataques do exército francés. Quizais non sexa a mellor obra escrita en galego, mais si ten un innegable interese histórico, etnográfico e lingüístico por canto relata en primeirísima persoa o día a día dos combatentes galegos na crúa Guerra de Independencia de comezos do século XIX.

TRALA LECTURA

A continuación propoñémosvos unha serie de actividades para traballardes a comprensión.

- O texto leva por título "O que con nós fixeron!" para intentar expresar a indignación que sentiu o pobo galego cando se viu asoballado inxustificadamente polo exército francés. Mais existen outras moitas posibilidades para titular o fragmento: **propón ti un título alternativo que resuma o seu contido (debes comezar coa palabra "título" seguida de dous puntos. Así: "Título:").**




- **Análise lingüística:** tamén está deseñado con **H5P**, concretamente coa ferramenta “libro”, xa que pretende reproducir un **libro** de texto convencional co seu **índice** que dá acceso aos diferentes **exercicios organizados tematicamente**.
Mira:

The screenshot shows a H5P 'Book' interface. The title is 'Pronome'. The sidebar on the left has a menu icon and a search bar. The main content area is titled 'FORMAS PRONOMINAIS' and contains text about the use of pronouns in Galician. Below the text is an 'EXERCICIOS' section with instructions and a 'Comprobar' button. Navigation arrows are visible at the top right.

Sempre que sexa necesario faise unha pequena **aclaração** de como se debe **interactuar** co exercicio.

Estes son algúns dos subapartados que se traballarán aquí:

- **Gramática** (morfoloxía, sintaxe, léxico e semántica)
- **Texto** (coherencia e cohesión)
- **Variedades da lingua** (niveis e rexistros)
- **Ortografía**
- **Sociolingüística**



- **Análise literaria:** está creado coa ferramenta **eXelearning** e tamén ten un formato de **libro** co seu **título** e un **índice**.

The screenshot shows a H5P 'Book' interface. The title is 'A LITERATURA GALEGA A COMEZOS DO SXIX'. The sidebar on the left has a menu icon and a search bar. The main content area is titled 'A LITERATURA GALEGA A COMEZOS DO SXIX' and contains text about the book 'Proezas de Galicia'. Below the text is a 'Comprobar' button. Navigation arrows are visible at the top right.

Nel sempre van aparecer os seguintes **apartados**:

- Un **índice** de **contidos teóricos** sobre a época literaria, o autor ou autora e a obra do fragmento narrativo seleccionado.
- Un punto final destinado ás **actividades** de comentario literario, que serán interactivas, do texto seleccionado.



- **Proxecto transversal:** pretende que o alumnado reflexione arredor da presenza da muller na literatura narrativa dende dous puntos de vista: **muller personaxe** e **muller autora**. Buscamos desenvolver un espírito crítico e **facernos visibles prexuízos e tópicos** que de tanto tempo que levan entre nós xa nos parecen normais. O noso proxecto transversal leva por título “**O papel da muller na literatura: personaxes e narradoras**”.

LEGO-PRETEXTO

**O PAPEL DA MULLER NA LITERATURA:
PERSONAXES E NARRADORAS**

Proezas de Galicia: a muller nas contendas bélicas

En *Proezas de Galicia* relátase a **resistencia** do pobo galego contra a **invasión francesa**: as tropas francesas tan só estiveron en Galicia seis meses, polo que pasou a ser un símbolo de afouteza e de intelixencia bélica á hora de repeler o exército francés.

O texto de *Proezas* ten elementos relacionados coa muller que poden ser interesantes. Responde de as seguintes cuestións...

TAREFAS

- Fixástedesvos quen son as persoas que dialogan?

Trátase dun arquivo PDF con **comentarios e preguntas** de carácter aberto que convidan á reflexión. Propóñense unha **tarefas** e ofrécense **recursos** para ampliar a información. O **obxectivo final** é elaborardes un **gran mural** que reflecta a evolución da muller no mundo da narrativa, mais tamén, a vosa propia evolución respecto desta temática.



- **Autoavaliación:** último apartado. Está integrado por dez preguntas tipo test relativas a todos os aspectos teóricos tratados na UDI.

Navegación da proba

1 2 3 4 5 6
7 8 9 10

Finalizar in ten to ...

Comezar unha nova vista previa

Pregunta **1**
Ainda non respondido
Puntuado sobre 1,00

🚩 Marcar a pregunta
⚙ Editar a pregunta

O sufixo **-iño** en "queipiño" constitúe un exemplo de...

- a. Evolución etimolóxica
- b. Sufixo diminutivo apreciativo
- c. Sufixo diminutivo lexicalizado
- d. Sufixo aumentativo

Até aquí o manual de uso de LEGO-Pretexto. Agardamos que todas as persoas que o vaian empregar, alumnado e profesorado, o atopen interesante, útil e entretido.